



## ORAMOS EN FAMILIA

19 de abril de 2020

PASCUA 2º-A

*Xn. 20, 19-31: "Aos oito días chegou Xesús e púxose no medio".*

**Mensaxe: Entra na miña vida sen chamar, con fe ábroche o meu corazón...**

### 1. ACOLLIDA

*Na mesa do comedor familiar poñemos un mantel, no centro unha lámpada ou cirio aceso (a fe, é fácil que se apague), un vaso con auga, unhas flores se é posible, ou unhas follas verdes que nos lembran a resurrección do Señor e a vixilia pascual. Entre as flores pódese colocar uns cravos lembranza da paixón pola que pasou Cristo antes de resucitar. Os ortodoxos tamén adoitan cocer ovos e logo pintan a casca con motivos pascuais e con cores vistosas. Poderíamos tamén buscar unha chave grande (a fe), a chave que abre a porta do corazón para o encontro con Xesús.*

**Nai:** Amigos, estamos moi contentos de poder celebrar a Pascua, o paso do Señor resucitado entre nós. O cirio aceso lémbra-nos o cirio pascual das nosas igrexas que representa a Cristo resucitado que hoxe, como aos apóstolos, quere facerse presente entre nós. Cristo vive na comunidade que se reúne cada domingo no seu nome. El vén darnos a súa paz, a alimentarnos co seu Pan. Queremos que entre sen chamar, con fe abrímoslle o corazón. Este ano vivímolo na familia, en casa, á que S. Xoán Crisóstomo chama á familia "a igrexa en miniatura".

*Un dos pais molla os dedos no vaso de auga lembrando o noso bautismo bendí aos fillos facéndolles unha cruz na fronte como signo de bendición e de que pedimos a Deus perdón. Daquela todos xuntos din:*

*-No nome do Pai... Cristo Resucitado, que nos trae a alegría e a paz e fortalece a nosa fe, está connosco. Amén.*

### 2. LECTURAS

**Pai:** A primeira lectura de como era a primeira comunidade: vivían todos unidos e tiñan todo en común. O Evanxeo fálanos de como Tomé, o incrédulo que se non o ve non o cre. Pero atópase con Xesús e recupera a fe e confesa: "Meu Señor e meu Deus".

**Fillo 1. Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos 2, 42-47:** *Os crentes vivían todos unidos e tiñan todo en común*

Os irmáns perseveraban no ensino dos apóstolos, na comunión, na fracción do pan e nas oracións. Todo o mundo estaba impresionado, e os apóstolos facían moitos prodixios e signos. Os crentes vivían todos unidos e tiñan todo en común; vendían posesións e bens e repartíanos entre todos, segundo a necesidade de cada un. Con perseveranza acudían a diario ao templo cun mesmo espírito, partían o pan nas casas e tomaban o alimento con alegría e sinxeleza de corazón; loaban a Deus e eran ben vistos de todo o pobo; e día tras día o Señor ía agregando aos que se ían salvando. *Palabra do Señor. R/. Grazas a Deus*

**Fillo 2. Lectura do santo Evanxeo segundo san Juan 20, 19-31:** *Aos oito días, chegou Xesús.*

Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles: «**Paz convosco**». E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos **enchéronse de ledicia** ao ver o Señor. Xesús repetiu: «**Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu**». E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles: «**Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados, quedan perdoados; a quen llelos reteñas, quedan retidos**».

Tomé, un dos Doce, chamado o Xemelgo, non estaba con eles cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle: «**Vimos o Señor**». Pero el contestoulles: «**Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creio**».


Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e dixo: «**Paz convosco**». Logo dixo a Tomé: «Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente». Contestou Tomé: «**Meu Señor e meu Deus!**». Xesús díxolle: «**Porque me viches criches? Benaventurados os que crean sen ver**».

Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. Estes foron escritos para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo, teñades vida no seu nome.

*Palabra do Señor. R/. Loámoste, Cristo.*

*"San Tomé, ver para crer", película: <https://www.youtube.com/watch?v=ULPctMcDmfw>*

*"El Resucitou capítulo 10", debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=6z4SCxyT9SE>*



## REFLEXIÓN ORANTE (pódese poñer música de fondo).


-Celebramos o domingo 2º de Pascua. Desde a Resurrección de Xesús, o domingo é o día en que reúne a comunidade e Xesús faise presente no medio deles. A nosa familia, a "Igrexa en miniatura" ou "Igrexa doméstica" tamén sente a Xesús no medio. Xesús saúdanos: "Paz convosco", dános paz. Nós contámoslle como estamos a vivir este confinamento, as nosas dúbidas... E el dános a fe, esa fe que nace do encontro con el. Dámoslle as grazas porque a fe orienta a nosa vida, comprométenos, axúdanos a buscalo no medio da familia e da parroquia, a ser máis irmáns. Tomé, ata que se atopa con el non ten fe, non confía. **A fe é a chave que nos abre ao encontro con Xesús...** Pide esa chave para que abra a porta do teu corazón para sempre. Son eu un pequeno Tomé testán, que se non vexo non creo? Cales son as miñas dificultades para dar pasos na fe? Tomé termina afirmando: "Meu Señor e meu Deus". Isto é o que nos di o evanxeo.

-Na primeira lectura nárranos as características da comunidade de Xerusalén. Relé, pensa se é así a túa familia, e a outra familia, a parroquia... Que me está pedindo Xesús? E en familia?

-**Actividade:** Amplía o debuxo do fondo, colorea as portas de cores divertidas e escribe nelas o nome dos teus familiares e veciños. Antes de durmir reza por eles e pide a Deus que entre nas súas CASAS e as encha de PAZ.

Tamén se podería utilizar para a reflexión estes vídeos:

-"Non me creo", Verbo Divino 2014, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=UltFOBhNji8>



## 3. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**Nai:** A Xesús resucitado, vida e esperanza da humanidade enteira, rogámoslle dicindo:

**Todos:** -**Creo Señor, ti es o meu Deus e Señor.**

**Fillo 1.** Para que a Igrexa, a catequese, a familia, facilítenos o encontro con Cristo resucitado. *Oremos.*

**Fillo 2.** Para que acollamos cada domingo a invitación de estar con Xesús e celebrar a fe en comunidade. *Oremos.*

**Fillo 1.** Para que os cristiáns valoremos máis o domingo como día de encontro co Señor resucitado e coa comunidade cristiá. *Oremos.*

**Fillo 2.** Para que cada domingo acudamos toda a familia ao encontro co Resucitado e á volta repartamos as tarefas de casa para que sexa día de descanso para toda a familia. *Oremos.*

**Fillo 1.** Para que o Señor axúdenos a crecer a fe, a valorala e a ser testemuñas dela. *Oremos.*

**Todos:** Grazas, Xesús, polo gran tesouro da fe. Pedímosche que sempre a conservemos e fagámola crecer. Que cando afrouxemos na fe acudamos ao encontro contigo na comunidade para que a recuperemos. Xesús que non sexamos dos que só creemos se vemos claro, senón que nos fíemos de ti en todo momento. Dános unha fe grande, valente, adulta, segura, para ser testemuñas de Cristo vivo e resucitado, para quererte e buscarte sempre, para dar a cara por ti, para buscarte na parroquia onde os que te seguimos animámonos uns a outros a crer e tratamos de vivir unidos e de compartir cos máis necesitados. E que na nosa familia sempre teñas unha cadeira para sentar, para acompañarnos, para sentar á túa mesa e compartir as nosas alegrías. Hoxe esta familia di: "Meu Señor e meu Deus" Amén. Noso Pai...

**Nai:** -**Que o Señor nos bendiga e nos gardes a todos. / Todos:** -**Amén.**

**Canto:** Meu Señor e meu Deus [https://www.youtube.com/watch?v=9\\_WyQQtayKg](https://www.youtube.com/watch?v=9_WyQQtayKg)

Meu Señor e meu Deus: <https://www.youtube.com/watch?v=QID8ixOqPBw>

**SUXESTIÓNS:** 1. Os dous debuxos de abaixo son dous fichas que podemos ampliar e repartir aos nenos. 2. Pódense preparar globos de cores como signo de ledicia pola resurrección de Xesús. Ao final da eucaristía invitamos aos nenos a que exploten os globos como unha traca que estala nos días de festa. 3. Na homilía pódese xogar con dúas frases de Tomé: "se non o vexo non o creo", "Meu Señor e meu Deus"... Entre ambas hai un anuncio da comunidade: "Vimos o Señor" e un encontro con Xesús que na comunidade recupera a fe do incrédulo. 4. Para explicar o evanxeo poderíase repartir ampliar o debuxo do paracaidista. Para lanzarse fai falta unha fe segura..., o mesmo que con Xesús. No paracaídas ampliado poñeremos o nome de Xesús e no pectoral do home os nomes dos que forman a familia (Xesús é o que nos coida e nos mantén a fe).

## CATEQUISTAS & TELERELL




- Colorea las puertas de colores divertidos y escribe en ellas el nombre de tus familiares y vecinos, antes de dormir reza por ellos y pide a Dios que entre en sus CASAS y las llene de PAZ...



JESÚS resucitado entraba sin abrir la puerta pero...  
¿sabes qué llave necesita para abrir la puerta de tu



Pregunta a  
**TOMAS**  
que el descubridor grito...  
SEÑOR MÍO  
Y DIOS MÍO



## TELEVISIÓN & TELERELL

- Colorea las puertas de colores divertidos y escribe en ellas el nombre de tus familiares y vecinos, antes de dormir reza por ellos y pide a Dios que entre en sus CASAS y las llene de PAZ...



JESÚS resucitado entraba sin abrir la puerta pero...  
¿sabes qué llave necesita para abrir la puerta de tu



Pregunta a  
**TOMAS**  
que el descubridor grito...  
SEÑOR MÍO  
Y DIOS MÍO